

Desde hai anos, Xosé Carlos Gómez Alfaro vai devagarriño creando un espazo poético singular no que recentemente ten ingresado unha nova estancia, *Mar aberto*, Premio Cidade de Ourense na pasada convocatoria de 2006, poemario publicado pola coruñesa Espiral Maior e prologado por un outro poeta que foi, asemade, un dos membros do xurado que o galardoou, Luís González Tosar.


O de Gómez Alfaro é, no formal, un poemario cultista, de metros clásicos e verso milimetricamente medido, con profusión de cantería sonetística. Do mesmo xeito, no conceptual é tamén un profundar no simbólico marítimo, moi na liña manuelantoniana, co mar como piélago vital no que nos fan acorar múltiples perigos que, metafóricamente, encarnan en maremotos, tempestades, treboadas e furacáns, obstáculos do noso navegar na

Mar místico

No amor dos mansos



ARMANDO REQUEIXO



procura derradeira do mar calmo, do mergullo na Paz que só a Fe e a súa vivencia pode ofrecer, instalados no amor dos mansos, devecetes do océano da brancura absoluta, do fulgor da alba plena mareira, da alta luz da crenza.

Nesa singradura axudan, como non, as gaviotas mensaxeiras, guíadoras aladas, mais tamén as illas relanzo, descanso no duro remar da vida, ancoradoiros fieis e seguros, firmes pasos nese andar como faros de adven-tura e fiordes de fartura.

O léxico de *Mar aberto* é declaradamente culto e abundan os sonoros esdrúxulos do tipo de “seráfico”, “lucífero”, “iodoríferos” e aínda os “ósculos

calóricos”, o que moi ben acae a certo lentor declamatorio que asiste a estes versos rotundos sobre do drama da vida e a morte.

Na mesma liña da máis cultivada tradición, tamén a imaxinería e topoloxía zumegan recendos grecolatinos, moi pasados pola peneira relixiosa cristiá, iso si, que o tinxe todo, mesmo os topoi literarios como o do ubi sunt e tamén as abondosas interrogacións retóricas e demais.

Na estela homenaxeadora dos Pondal, Rosalía ou Cunquero –proas gratas ao poeta e ben recoñecibles–, este *Mar aberto* de Gómez Alfaro comparece como un intenso vogar cara a un mar místico no que a nao do ser ansía a fusión cósmica co divino Dono do Canto, nun iterado recun-car de temas e motivos caros ao de Ribadavia que avantou aquí con velame despregado e poderosa insignia lírica.

GÓMEZ ALFARO, Xosé, *Mar aberto*, Ed. Espiral Maior, A Coruña, 2007, 55 páxinas